

MPN/em

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE
COOPERACIÓN LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS
EMERXENCIAS PROVINCIAIS DO DÍA 06/09/2024

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero
D.^a Luisa María Sánchez Méndez
D. Rafael Domínguez Artime
D. Jorge Cubela López
D. Jesús Vázquez Almuíña
D.^a Belén Cachafeiro Anta
D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
D.^a María Nava Castro Domínguez
D.^a Ana Laura Iglesias González
D. Gorka Gómez Díaz, en substitución de D. Carlos Gómez Prado
D.^a Digna Rosa Rivas Gómez
D. Paco Ferreira González
D. Gregorio Luis Agís Gómez
D. Javier Iglesias Mougán
D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
D.^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e quince minutos do seis de setembro de dous mil vinte e catro, reúnen no Pazo Provincial os/as deputados/as arriba relacionados, en sesión extraordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Pilar Ramallo Vázquez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D.^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expte. 2024049503)

Apróbese a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezanove de xullo de dous mil vinte e catro por unanimidade.



2. Dar conta da sinatura da segunda addenda para a adecuación financeira do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución dun Plan de mellora de mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no CEIP Javier Sensat (Expte. 2021044958)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais do seguinte:

“Na data 02/09/2024 procedeuse á sinatura da segunda addenda para a adecuación financeira do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigoo para a execución dun Plan de mellora de mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no CEIP Javier Sensat (Expte. 2021044958).

Inicialmente, no convenio asinado na data 25/10/2021 o orzamento total para a realización de nove actuacións recollidas no convenio era de 15.795.204,71€, sendo a achega da Deputación por un importe de 10.783.752,48 euros e a achega do Concello de Vigo de 5.011.452,23 euros.

Posteriormente, asinouse unha addenda ao convenio o 28/06/2023 na que se recollía que o orzamento aumenta ata 15.799.507,74 euros e o número de actuacións diminúe a oito. A achega da Deputación mantense invariable e a achega municipal aumenta ata 5.015.755,26 euros.

Na segunda addenda, recentemente asinada, detállase que o orzamento total diminúe agora ata 9.553.640,86 euros e que o número de actuacións diminúe ata cinco. A achega da Deputación minórase ata 6.536.218,92 euros e a do Concello de Vigo ata 3.017.421,94 euros.

O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2024.”

A Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais queda enterada da sinatura da segunda addenda para a adecuación financeira do citado convenio.

3. Rogos e preguntas

Non houbo.



E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión,

Marina Piñeiro Novo

